



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS E FACENDA PARA O 23.09.2026

Don Manuel Vázquez Faraldo, alcalde do Concello de Miño, dita a seguinte resolución:

De conformidade co establecido no artigo 112 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o artigo 130 e seguintes do Regulamento orgánico do Concello de Miño, e ao abeiro do previsto no artigo 46.3 LRBRL,

RESOLVO:

PRIMEIRO E ÚNICO.- Convocar a sesión da Comisión Informativa de Contas e Facenda do Concello de Miño que terá lugar o día 23 de setembro de 2026 ás 14:30 horas no salón de plenos da casa do concello; e fixar a seguinte orde do día:

1. Anulación parcial do expediente de modificación de crédito núm. 1/2026 (2026/T002/000020)
2. Aprobación do expediente de modificación de crédito núm. 2/2026 vía crédito extraordinario
3. Aprobación do expediente de modificación de crédito núm. 1/2026 vía suplemento de crédito
4. Aprobación do Plan económico financeiro 2026-2027

A documentación está posta á disposición dos membros da Comisión Informativa de Contas e Facenda a través do Portal de cargos electos da sede electrónica do Concello de Miño.

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. O secretario municipal

David Veiga Sierra